

O exilio dun emigrante galego en América: a traxectoria de José Blanco Amor (1909-1989)

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Universidade da Coruña

En «Exilio, literatura e nación», X. González-Millán analiza as circunstancias que rodean o traballo de reconstrución e mantemento da identidade nacional dos galegos no exilio. Cando estes chegan, por exemplo, a Arxentina, atopan unha importante comunidade galega emigrante cuxas infraestruturas económico-culturais van servirles de grande apoio. Pero os exiliados teñen que integrarse nun novo país, e nun colectivo galego complexo, que moitas veces actúa como rémora dos seus proxectos e a súa relación coa Galicia interior (González-Millán, 2004).

Centrarémonos na figura dun galego emigrante, José Blanco Amor, antigo residente na Arxentina, que se relacionou estreitamente co exilio republicano, e que representou un dos tipos de paisano intelectual cos que se toparon os nacionalistas no desterro.

1. TRAXECTORIA INTELECTUAL E CONTEXTO ARXENTINO

José Blanco Amor pertence á literatura arxentina. Procedente da emigración galega, republicano colaborador co exilio en Bos Aires, non quixo desprenderse nunca das orixes, senón facer gala delas como un valioso compoñente da sociedade de aluvión que formaba Arxentina. As súas primeiras novelas, de 1953 e 1956, foron anunciadas nas respectivas lapelas como obra dun autor español, que «por razóns políticas non podía volver ao seu país», e que posuía unha habelencia literaria á altura de C. J. Cela ou Arturo Barea. Cando chegou a hora do exilio, ao que dedicaría integramente unha novela e unha colección de perfís humanos que conservaba na lembranza, estivo cos desterrados e participou das súas tarefas. Apenas sabemos nada

desta etapa ata que na década dos 50 empeza a editar a súa obra periodística e a súa serie de novelas e contos. Polos datos que puidemos atopar en diferentes arquivos, sabemos que José Blanco Amor en 1950 participaba no movemento peronista. Tras as reviravoltas de veneración e derribo subseguinte de José Domingo Perón e a pintoresca Eva Duarte, *Evita*, aparece como membro de apoio da Xunta Directiva que, logo de trinta anos de independencia republicana, arrebatou o Centro Galego de Bos Aires aos nacionalistas exiliados. Desde 1966 vai ser director da revista *Galicia* do devandito Centro, sucedendo no posto a Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane, e expresando a súa postura ideolóxica nas habituais «Cartas del director». Coa volta do peronismo, en 1974 é nomeado asesor da Presidencia da Nación na Secretaría de Prensa e Difusión. Pouco despois de atoparse rehabilitado polas urnas, chégalle a morte a Perón. Finalmente, a historia atormentou ao escritor de Bergondo ata o punto de renunciar á nacionalidade arxentina, cando en España culminaba a Transición co goberno do Partido Socialista, e na Arxentina acababa de coñecerse polo informe de Ernesto Sábato o inxente número de desaparecidos nas ditaduras militares. A clave desta renuncia e da súa relación coa política arxentina hai que buscala na última novela publicada por José Blanco Amor, *¿Y ahora qué?* (1983).

2. ORIXES

Literato arxentino, produto galego con arelas de escritor español, hoxe é un autor de encrucillada esquecido en Galicia e en España, e coído que moi pouco recordado en Arxentina. Veremos algo da súa traxectoria vital e do que a emigración e o exilio significaron na súa obra. Se iniciamos o itinerario en Bergondo (A Coruña), o seu lugar natal, empezamos descubriendo que José Blanco Amor non respectou a data que se rexistra na súa partida de nacemento, pois este tivo lugar cinco anos antes do que el afirmaba en América: o 3 de decembro de 1909 (Tomo 28, folio 108, do *Rexistro Civil de Bergondo*, A Coruña). O pai, Rogelio Blanco Freire, era un mariñeiro de Oleiros que traía de Estados Unidos, pois traballou como oficial de máquinas nun mercante norteamericano, libros para o fillo (García Paladini: 9), a quen lle falaba con frecuencia de Arxentina (país que coñecía moi ben, di o autor ao dedicarlle ao pai a novela *¿Y ahora qué?*). A nai, Josefa Amor Vázquez, era labrega de San Xuan de Lubre, onde a familia quedou vivindo. En Bergondo a principios do s. XX subsistíase co mar e co campo. A maioría de campesiños eran arrendatarios de señores cuasi feudais como os condes de Babío que aparecen na primeira novela, ambientada en Galicia, de José Blanco Amor. A vila máis próxima era Sada, viveiro de peixe e marisco para as boas familias da Coruña, cidade á que, desde os arredores, algúns «desertores do arado» comezaban a acudir como obreiros. Tamén era Sada vila de lecer da

burguesía coruñesa, con salas de baile ás que os *señoritos* ían a solazarse coas fillas de mariñeiros, sabendo que despois casarían con rapazas da súa caste. José Blanco Amor recrea este mundo, non moi distinto do diseccionado medio século antes por Emilia Pardo Bazán (1851-1921): pensemos na novela *La Tribuna*, pero sobre todo nos contos ambientados na Granxa de Meirás ou en Sada, como «Areal»; un mundo tampouco alleo ao retratado nos relatos do autor sadense Manuel LUGRÍS FREIRE (1863-1940), coñecido como *Asieumedre*. En todas estas narracións, igual que na novela de José Blanco Amor, os verdadeiros protagonistas nun escenario idílico son a miseria e a ignorancia mirrando un pobo primitivo e sabio ao mesmo tempo. José Blanco Amor, no traballo «Romanticismo y espíritu de clase en *Los Pazos de Ulloa*», móstrase implacable coa propiedade da Granxa de Meirás, porque, opina, é incapaz de ver ese mundo desde a mirada do pobre. (Blanco Amor, 1969: 58-67). Iso dános unha idea de como, desde un principio, a loita de clases sufrida nas propias carnes convértese en teima na obra do escritor bergondés.

3. EMIGRACIÓN

José Blanco Amor foi retirado moi cedo da escola para ser levado ao duro traballo no campo, e conta isto na novela autobiográfica *La vida que nos dan* (1953). Tivo a suficiente lucidez como para decidir que ese non ía ser o seu mundo. En Bergondo había un elevadísimo índice de emigración, canalizada cara a Estados Unidos, Arxentina e Cuba, por esta orde de preferencia, como pode comprobarse nos libros do Concello onde se rexistraban os emigrantes antes de partir. José Blanco Amor, tras unha estadía na Coruña da que só temos a versión literaria, embarcouse en 1930 para Bos Aires, seguramente desde Vigo, xa que non quedou constancia nos arquivos coruñeses que recollen os nomes e o destino dos pasaxeiros «con papeis» entre os anos 1923 e 1935 (Arquivo do Reino de Galicia). Pero volvamos a cal puido ser a razón de falsificar a data de nacemento. É moi tentador quitarse cinco anos de enriba cando un se establece noutro continente, pero no caso que nos ocupa, o máis probable é que José Blanco Amor, que ten 21 anos cando emigra, estea ocultando a idade militar nun momento en que a guerra de Marrocos é seguro matadoiro do que só se libran os mozos con cartos. Coido que non é esta unha hipótese desprezable.

Hai un lapso de 20 anos, como dicíamos, no que só supoñemos a dura vida en Arxentina polo que transloce na obra de creación (e este é terreo esvaradizo). No seu libro *Ensayos sin fronteras*, de 1983, hai un traballo datado en 1979, «Nosotros, los inmigrantes» (Blanco Amor, 1983: 167-1979), onde o autor conta como desembarcou en Puerto Nuevo e foi recibido por seu tío e padriño Manuel, viúvo e xefe de máquinas dunha empresa de herba mate. O sobriño, mentres non aparece un emprego, entra

nunha academia para aprender a escribir a máquina e estudar inglés. Daquela interesábase pola rúa, invadida de inmigrantes:

Los panaderos y repartidores en general eran gallegos. [...] El español se orientaba hacia el pequeño negocio, y después de haber dormido meses y años en el mostrador o en el suelo, se independizaba con un minúsculo almacén o con una desprovista lechería. Otros, con ambiciones más modestas, rumbeaban hacia las grandes empresas y se quedaban para siempre en las oficinas: peones, ordenanzas, ascensoristas, serenos, encargados. Eran fundamentalmente honrados y terminaban siendo los verdaderos dictadores de las visitas, horarios, compromisos, etc. Había un gerente general y una serie de jefes. Todos dependían de ese gallego que miraba con desconfianza las caras extrañas. El dueño de casa era él. [...] fueron formando una clase media que llegó a ser poderosa y decisiva en la vida de los argentinos. De ella salieron los profesionales de las carreras clásicas (abogados y médicos), los dirigentes políticos e infinidad de profesores y maestros que tuvieron a su cargo la formación de generaciones de argentinos (Blanco Amor, 1983: 170).

José Blanco Amor recorda nestas páxinas que en 1941 había máis de 300.000 galegos na capital federal, impondo «con su sangre y con su trabajo, el sello definitivo de prolongación de Europa a esta urbe en el extremo sur del continente», sen que ningún gobernante, subliña, se acordase deles nos discursos. A Bos Aires chega José Blanco Amor no medio da recesión económica tralo do Crack de Nova York. O autor de Bergondo le e estuda acadando unha fecunda formación autodidacta, labrada con carácter e enxeño, pero co lastre de todo autodidacticismo: o complexo de inferioridade que o empurra a esforzarse aínda máis perante os que pasaron polas aulas. Por debaixo, sempre, latexaba o sentimento de loita de clase. Interesado pola política (non polas ideoloxías, segundo diría), foi secretario da Organización Republicana Galega Autónoma (Cvitanovic: 71) e fundador, durante a guerra de España, do «Comité Iberoamericano al Servicio de la Independencia Española». Explicará anos despois que quedara moi sorprendido coa reacción das democracias con respecto á nosa Guerra, e que axiña se mobilizou en contra da intervención de forzas estranxeiras no campo de batalla a prol de cada bando. Desde moi cedo amosou un anticomunismo exacerbado e nutrido do ambiente da guerra fría dos cincuenta, o que, unido á súa teima do sufrimento polas diferenzas de clases, seguramente foi o motivo que o fixo achegarse ao círculo de Perón, co que tampouco houbo de implicarse de todo, tal como se desprende da lectura da súa última novela. Sabemos por unha carta na que se presenta a Camilo José Cela, entusiasmado con *La Colmena* e desexoso de facerlle unha nota de prensa no Bos Aires onde esta novela acababa de ver a luz por problemas coa censura en España, que é redactor de *El líder*, «de tendencia peronista y abiertamente un órgano político» (Blanco Amor, 1951).

4. TRABALLO PERIODÍSTICO E LITERARIO

A súa profesión foi o periodismo, onde forxou un estilo admirable que logo as súas narracións aproveitarían. Da súa carreira periodística, un dos primeiros logros é o posto de correspondente en Nova York para «Agencia Noticiosa Argentina» co gallo da creación das Nacións Unidas (Cvitanovic: 72), froito do cal é o seu primeiro libro, de 1950, titulado *Reportaje a Nueva York*, que nunca quixo reeditar posteriormente, seica porque formaba parte dunha campaña a prol da mellora de relacións entre Arxentina e Estados Unidos, da que despois non se sentiría satisfeito. E, por suposto, destaca o traballo en *La Nación* de Bos Aires onde traballou ata o final da súa vida. Os seus comezos pasaron por *Atlántida* e *El Hogar*, e logo estendeuse a súa firma ou pseudonimia a *El Mundo*, *Leoplán*, *Sur*; e as españolas *Cuadernos Hispano-americanos*, *Índice*, *Papeles de Son Armadans*, etc (Cvitanovic: 71).

4.1. A novela de Galicia

La vida que nos dan (1953), que, como dicíamos, abre a carreira de J. Blanco Amor como novelista, gañou co título de *El vacío*, o «Premio Ramón del Valle Inclán» que convocaba o Centro Galego de Bos Aires. O xurado estaba composto polos escritores arxentinos Constantino de Esla, Francisco González de los Ríos e Francisco Luis Bernárdez. Este último dérase a coñecer en Galicia como poeta e periodista en *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares, antes de establecerse en Arxentina. Aparecida na editorial López Negri, a novela leva na sobrecuberta unha ilustración de Luís Seoane na que se ven dúas mulleres inclinadas sobre a terra coas fouces na man. Son correlato gráfico das palabras que podemos ler nas primeiras páxinas:

Mi mano izquierda, unha vez cortado el manojo de mieses, marca un semicírculo por delante del rostro, cae por sobre el hombro del mismo lado y las espigas, con la fuerza del envión, llegan a la tierra separadas (Blanco Amor, 1953: 19).

Nunha carta a C. J. Cela anuncia a edición simultánea desta novela en inglés, cousa que non tivo lugar finalmente (Blanco Amor, 1952). O contacto para a edición inglesa era o amigo Arturo Barea. Precisamente a muller de Barea, Ilse, fora a que aconsellou a José Blanco Amor cambiar o título, porque delataba a pegada existencialista que os editores ingleses empezaban daquela a rexeitar (Blanco Amor, 1976: 101).

A novela está formada por dous tramos, titulados «A aldea» e «A cidade». Comeza mergullando o lector no esforzo do traballo campesiño. O neno relata a súa historia: el e o pai manteñen unha relación terrible, agravada cando ten que deixar a escola moi noviño, para integrarse no colectivo de servos da gleba que constitúe a súa

familia. Narrado con frases concisas e contundencia de linguaxe adolescente, o neno sempre é testemuña do que sucede. Mesmo cando se dan –como se a voz narradora se transformase en adulto que fala tempo despois– noticias etnográficas de interese para reconstruír a vida da bisbarra das Mariñas. O neno é consciente do destino que agarda por el e larva a súa revolta. Na novela ten importancia esa evolución persoal, acompañada de reflexións existenciais que irán sendo máis complexas a medida que o rapaz medra. O que sucede ao seu redor vai sendo xulgado continuamente polo protagonista en evolución. Por outra banda, a conciencia dun estado social de castes inmobilizadas no seu destino tráxico, próximo ao de épocas feudais, está moi ben representada cando o pai, labrego arrendador de terras dos condes de Babío, é obxecto de humillacións e abusos por parte do alcalde. O proxenitor, ata entón autoritario e bárbaro cos inferiores, aínda que humillado asemade polos superiores, de socato pronuncia unhas palabras sorprendentes, coma se pola súa boca falasen os deuses do teatro clásico: «Yo la trabajo, pero la tierra sigue siendo suya... Porque las leyes no le dan al hombre la tierra donde lo parió su madre» (J. Blanco Amor, 1953: 123). Finalmente, a descuberta polo mozo de que o pai-tirano incumpre as normas morais que con tanta teimosía defende, é a porta que se lle abre ao fillo para rexeitar e abandonar a aldea («...éste es un lugar hermoso, pero hay que estar lejos para quererlo» (J. Blanco Amor, 1953: 178).

Na cidade as perspectivas son moi distintas, aínda que non conseguen aclarar o futuro do rapaz, que se empeña en rebelarse contra o destino. O protagonista séntese estraño nos novos mundos: unha ferraxería de ambiente kafkiano e unha situación familiar degradada pola corrupción moral e a miseria, de fasquía tremendista, ata o punto de explotar co asasinato dunha nena pola nai, entolecida, que se suicida. As reflexións, mesmo existenciais, van en aumento, agudizadas por ese sentimento de estrañeza nun mundo no que o protagonista non se recoñece, como non recoñece como súa *a vida que lle foi dada*. Hai un final aberto pero, por unha serie de anticipacións narrativas, o lector sabe que o rapaz embarcará rumbo a América.

4.2. A novela de Bos Aires

En 1956 José Blanco Amor publica na editora Santiago Rueda *Todos los muros eran grises*. O narrador comeza ofrecendo o plano xeral da escena: un barco atraca en Bos Aires con inmigrantes, e un mozo descende del intentando simular unha actitude distinta á do resto. Chega a unha pensión da cidade preguntando polo único contacto co que conta no país, e recibe a noticia de que esa persoa marchara o día anterior. O mozo fica alí, relacionándose desconfiadamente co resto dos hóspedes ou comensais, que constitúen unha mostra representativa do colectivo bonaerense de desocupados,

traballadores a oito e buscavidas. Ás preguntas reiteradas sobre a súa chegada inventa unha mentira que co tempo irá medrando terriblemente: el está en Bos Aires, di, para vender dúas casas propiedade do pai, emigrante enriquecido. Unha historia de amor coa filla dos donos da pensión complica aínda máis a situación deste home estraño, que non quere ser igual aos demais. Nunha escena de reminiscencias de Ch. Dickens, o protagonista, empregado finalmente nunha empresa de curtidos, mata o patrón nunha arroutada que ten moito que ver –José Blanco Amor levaba a cabo continuas homenaxes ás súas lecturas– co crime de Raskólnikov na gran novela de F. Dostoievski. Outra vez unha morte, ou varias violentas, poñen fin á situación insostible da novela: na fuxida culpable, o protagonista acabará tiroteado camiño de Mar del Plata, en terra de ningures, por un compañeiro de pensión que o sabe culpable. Entre os personaxes que aparecen na novela, algúns veñen sendo tamén inmigrantes galegos con cadansúa historia: Fabián Soraluze, o panadeiro Tenreira, o pobre Fonseca. Non son todas vítimas, hainos vitimarios, como o panadeiro, que nunca quixo bestas de tiro ou camións para o reparto, porque para iso, dicía: «Mientras lleguen españoles e italianos al puerto tendré en ellos mis mejores caballos» (J. Blanco Amor, 1956: 39).

4.3. A novela do campo arxentino

Na súa seguinte novela, de 1957, *Antes que el tiempo muera*, o autor xa sitúa a historia en Arxentina plenamente, con personaxes crioulos, donos de terras á beira da vila de San Bernardo. É esta unha novela realmente innovadora en canto á técnica: o narrador heterodiexético do marco prólogo-epílogo envolve un diálogo en 2ª persoa que unha muller, Adela, sostén co pai acabado de morrer. Rememora a través deste diálogo sostido só na súa propia voz, unha vida de enfrontamento case desde o berce cun pai tirano, bárbaro, autoritario, ao que Adela logra reducir e humillar ata a postración. Vén sendo na literatura de fala española un precedente moi claro de *Cinco horas con Mario* (1966) de M. Delibes, na liña celiana de *Mrs. Caldwell habla con su hijo* (1953). J. Blanco Amor inspírase, por outra banda, en *Los Pazos de Ulloa* de E. Pardo Bazán, para componse esta especie de señor feudal, rodeado polos retratos de ilustres antepasados vidos da Conquista, que choca de fronte cun tempo e unha xeración que xa non son seus. A filla é unha soberbia creación novelesca, en loita pola súa liberdade a costa de todo, pero tamén refinadamente cruel. Finalmente, a vencedora termina, unha vez morto o inimigo, esnaquizando o seu mundo, cuxos desposos irán a parar ao representante dunha nova clase social: a burguesía feita a si mesma. Non deixa de haber aquí referencias a Galicia e ao mundo da emigración: o personaxe que corresponde dalgunha maneira á Sabela de *Los Pazos de Ulloa* é Marina, a fiel serventa, traída do seu Berbés natal onde o marido violento morreu un día afogado no seu barco, e a persegue dende aquela ata América como pantasma en soños.

4.4. As novelas do exilio e a guerra civil española

Pero deixemos a emigración e pasemos ao tema do exilio e da relación que con el tivo este «antigo residente» en Bos Aires. José Blanco Amor vai publicar unha das primeiras novelas escritas en castelán sobre o exilio, *Duelo por la tierra perdida*, en 1959. A novela posúe unha técnica interesante, que nunca chega ao experimental, pero que lle dá, polo que levamos visto, un carácter moi novo ao realismo de base. O tema do exilio atópase nela sostido ensaisticamente, cun argumento que se distrae cunha historia amorosa moi acorde co cine hollywoodense da época. O uso reiterado dun monólogo teimudo do protagonista polas rúas de Bos Aires interrómpeuse con múltiples escenas dialogadas de carácter fortemente teatral. Presenta J. Blanco Amor un exiliado español que recorda o seu paso por un campo de concentración no Arxel francés antes de chegar a Arxentina, onde, xunto a outros exiliados, foi recibido como un heroe por uns, e como unha besta por outros. Co paso do tempo faise dramaturgo aclamado, pero agora, no declive da vida, sente irse suicidando intelectualmente. A causa máis inmediata, coma sempre ocorre nas historias deste autor, é o problema amoroso coa muller, un personaxe feminino que enriquece aínda máis a galería de mulleres con grande personalidade na súa narrativa. O escritor exiliado español séntese estraño na cidade porteña, e estraño no medio do colectivo de desterrados cos que habitualmente comparte parladoiros e conmemoracións. Moitos deles teñen apelido galego. Pero o escritor non participa do exilio galego nin dos cenáculos comunistas. Hai un momento na novela en que está a punto de entrar no café *Tortoni*, acompañando un vello amigo no que podemos recoñecer un trasunto de Rafael Dieste, pero non o fan, porque prefiren seguir falando sós. Tras moito debate e reflexión, morre o escritor no seu torreón, unha torre de almafí onde non logra escapar a unha vella culpa secreta que lle vén da España en guerra: alí deixou abandonados muller e fillos nunha casa do centro de Madrid.

José Marra López, autor en 1964 da primeira historia da narrativa do exilio, menciona a José Blanco Amor como autor español *emigrante* en América: tipo raro na literatura, que se distingue perfectamente do escritor «*emigrado*, obrigado por unas circunstancias ajenas a él» (J. R. Marra-López, 1964: 61). Tamén Ignacio Soldevila se ocupa do escritor José Blanco Amor na súa *Historia da novela contemporánea española*, proclamando a necesidade de recuperar este gran novelista descoñecido (Soldevila, 2001: 409). Obsérvase a indefinición na que se move daquela aínda este autor, entre a literatura española e arxentina.

A visión aceda do exilio na novela de J. Blanco Amor provocou unha polémica entre os desterrados. O autor respondeu recollendo varias críticas literarias sobre o seu libro, e pechándoas cunha apoloxía de seu, no ensaio de 1961, *Con verdad y con rigor*. Alí defende as ideas dos personaxes César Lores –o protagonista– e do doutor Cantero, que están, curiosamente, moi achegadas a aquelas nas que concluiría Max

Aub anos despois en *La gallina ciega*: a diferenza é que o Max Aub real chegou a percorrer parte de España no 68, e exprésase con amarga ironía.

Dr. Cantero: El pueblo español *no nos conoce*. Se ha olvidado de nosotros. Por lo que sea, pero se ha olvidado. [...] El más grande error de los exiliados sería el de considerarse imprescindibles [...].

César Lores: Somos los primeros mártires de la Edad Totalitaria, pero nos está prohibido el pedir compensación por nuestro sacrificio [...] Para que la guerra sea guerra debe de haber un vencido y un vencedor. Y nosotros *hemos sido vencidos todos* (Blanco Amor, 1959: 155, 161).

O tema da guerra civil e o exilio volverá aparecer en *La Misión*, novela de 1966 que ten como escenario Rio de Janeiro. Unha comisión diplomática das Nacións Unidas, presidida por Estados Unidos, viaxa á cidade brasileira para substituír as casupas dos Morros por casas. A visión de Rio é fugaz: tan só un percorrido polas favelas, posto que na historia predominan os interiores onde se senten as conversas do mundo da diplomacia, metido nunha burbulla, e daquela alleo á vida real. A misión queda interrompida polo asasinato de John Kennedy. José Blanco Amor presenta con este pano de fondo unha relación amorosa entre o diplomático español, antigo aviador das tropas de Franco; e a súa muller, unha nena da guerra que cruzou os Pirineos cara ao exilio en Arxentina, onde foi recibida como a filla dun heroe contra o Fascismo. Ambos deciden volver a España e ter alí o fillo que simbolizará a reconciliación do país. Así resulta que *La Misión* é a novela de América Latina como abeiro da España rota que necesita esquecer para curarse. E tamén é unha chamada á unión de España e Portugal con Iberoamérica.

5. O INTELLECTUAL, A ESPAÑA DOS 60, E O INICIO DA TRANSICIÓN

Dous anos despois daquela polémica sostida pola visión do exilio en *Duelo por la tierra perdida*, José Blanco Amor entrará en debate con outro colaborador de *Ruedo Ibérico*, Francisco Fernández Santos. A publicación, en forma de libro, das cartas de ambos cruzadas na prensa é iniciativa de Blanco Amor. O título será *España y el Marxismo*. Aproveitará o noso autor para amosar o seu anticomunismo, e a postura antieuropeísta con respecto a España. De paso que lle fai a ficha ao contrincante, el, sen perder nunca a elegancia, preséntase como un liberal conciliador, admirador de Unamuno e Ortega, e partidario dunha política orientada á América hispana:

Este diálogo se entabló entre dos escritores nacidos en España sobre la necesidad de la convivencia española. También estaba en juego si convenía o no que España ingresara en el Mercado Común Europeo. Ambos residimos fuera de España: Francisco Fernández-Santos en París y yo en Buenos Aires (Blanco Amor, 1966 c: 9).

Na mesma data de 1966 publica un ensaio sobre a Xeración española de 1898, moi acorde cos esforzos (pensemos en Pedro Laín Entralgo) da recuperación dos escritores do «tema de España» como antecedente do nacionalismo español de posguerra (Blanco Amor, 1966 d). Que ocorría con este antigo republicano, compañeiro dos exiliados, detractor de Hitler e Stalin nos seus artigos? Que acababa de ingresar na confraría dos que se achegaban ao franquismo a través de Fraga Iribarne, e estaba facendo méritos para el. Mentres Perón se acollía na España de Franco durante o exilio, o escritor acode á chamada do galego que se achaba ao fronte do Ministerio de Información e Turismo e que andaba a recrutar elementos estratéxicos, como José Blanco Amor. En efecto, o autor de Bergondo vai ser convocado por un equipo que a Embaixada de España preparara en Bos Aires para arrebataren a dirección do Centro Galego aos antifranquistas. Logo a recuperarían os republicanos, pero no intervalo, José Blanco Amor era nomeado director da revista *Galicia*, cuxa imaxe «moderniza» moi ao gusto das publicacións do Ministerio Español de Información y Turismo. Desde alí maniféstase en editoriais que non teñen desperdicio: «la actitud de xenreira que se adoptó en el pasado, ya no sirve para el presente y servirá aún menos para el futuro [...]. Nuestra tierra no puede ser una isla cultural en un mundo que se transforma velozmente en un universo integrado» (Blanco Amor, 1967 c). Recrútanse novas firmas e convidanse conferenciantes, acordos todos coa nova liña ideolóxica: Á beira de J. L. Borges e algún outro autor arxentino amigo seu, aparecen os nomes de Juan Naya, José María Castroviejo, Álvaro Cunqueiro («Este hombre no había sido invitado hasta ahora porque se practicaba aquí precisamente una política discriminatoria» –Blanco Amor, 1967 b–), Manuel Casado Nieto, Vicente Risco, Gerardo Diego e José Luis Varela. Irrompen artigos sobre Xibraltar español ou a importancia do turismo. É dicir, compórtase a nova xeira de *Galiza* coma se se tratase dunha revista editada polo réxime en España.

O premio non se fixo esperar, e José Blanco Amor viaxou a principios de 1968 –era a primeira vez que volvía desde 1930– para percorrer o país como conferenciante, convidado persoalmente por Manuel Fraga Iribarne. En Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, e mesmo no «Teleclub» (invento do que Fraga se sentía orgulloso) da súa parroquia de San Xuan de Lubre, estivo falando de Julio Cortázar e de «La novela argentina y el país real». A viaxe, que continuaría por Madrid, está documentada con cartas asinadas por Robles Piquer, Federico Muelas, o delegado provincial Enrique Santín e o propio Blanco Amor (Arquivo do Reino de Galicia, 1968).

Nas conferencias, José Blanco Amor amósase como ensaísta arxentino, por certo, un dos maiores detractores do chamado BOOM da novela hispanoamericana. Publicados en *La Nación* e reproducidos en *El País*, os artigos sobre esta nova querela entre antigos e modernos aparecerán no libro de 1976, *El final del Boom Literario y otros temas*. Nel acusa ao grupo formado por Carlos Fuentes, Gabriel García Márquez, Mario Vargas Llosa e Julio Cortázar de actuar como mafia para, en connivencia con certas empresas editoras, lanzaren unha literatura hispanoamericana supostamente nova. O lanzamento ao seu xuízo é un retablo das marabillas, polo que lles augura un final rápido. A empresa de Blanco Amor foi curiosa, pero equivocada, e os primeiros comentarios corrosivos sobre a literatura de Julio Cortázar serían posteriormente corrixidos por unha crítica máis axustada que o recoñece como contista excepcional. En fin, que José Blanco Amor non tivo moita sorte nos seus envites políticos e literarios.

Cando morre Franco, José Blanco Amor viaxa a Madrid en 1977 como correspondente de prensa, tamén para ver cos propios ollos a volta á normalidade democrática, e a reconciliación por fin alcanzada dos dous bandos na guerra. Daquela é contratado por *El País* para publicar retratos periodísticos de exiliados en Bos Aires. Froito deles será o estupendo libro *Exiliados de memoria* de 1986, dedicado «A los exiliados españoles que vinieron a la Argentina, que me enseñaron a descifrar muchos enigmas de España, y a los exiliados españoles de todo el mundo». Atopamos no volume estas palabras limiares:

He aquí un libro que nunca pensé escribir. Mi deuda con los exiliados la había saldado a mi manera en *Duelo por la tierra perdida* y en otros libros en los que no pude evitar el tema del exilio ni el de la guerra de España. Ese era el tributo que teníamos que pagar la generación de los que habíamos perdido la guerra, aunque no hubiéramos estado nunca en el frente (Blanco Amor, 1986: 9).

Entre os galegos que retrata están Basilio Álvarez, o abade de Beiro; Ramón Suárez Picallo, Laxeiro e Castelao. Outros, como Lorenzo Varela, son mencionados só no índice. Advírtese como pasa factura do seu enfrontamento cos nacionalistas cando fala de Castelao e a súa vida baixo a protección económica de Manuel Puente, o «Respaldo de Ouro»:

Su aportación a la causa de la República quería darla a través de su actuación como diputado galleguista, motor principal del estatuto de la Autonomía de Galicia, y no como militante de la revolución, que no era. [...] Castelao era de todos porque era la más genuina representación viva de Galicia, y en este papel él se sentía cómodo para crear a su modo. Pero el caso es que Castelao vivió el resto de su vida prácticamente

secuestrado por ese grupo de galleguistas de la emigración. [...] Sustraído del contacto con la gente que lo quería y lo comprendía por «O Respaldo de Ouro» y su grupo, Castelao reaparecía de vez en cuando en actos públicos y la gente lo recibía con verdadero entusiasmo. Pero nunca más se le permitió ser libre, él que había sacrificado todo para que la palabra *libertad* tuviera sentido y aplicación en la vida individual y colectiva de Galicia. Su muerte en el Centro Gallego de Buenos Aires significó la máxima pérdida para la emigración y para la identificación de la personalidad étnica de los gallegos del mundo (Blanco Amor, 1986: 70-72).

6. FINAL

José Blanco Amor quixo mostrarse e definirse como republicano español liberal, na liña de Salvador de Madariaga e de Gregorio Marañón, admirador da Xeración do 98, máis americanista (do sur) que europeísta, deostador das «ideoloxías», interesado pola política nunha acción pseudo-revolucionaria, populista contra as oligarquías arxentinas e antimperialista con respecto a EEUU, que o fixo achegarse ao peronismo, aínda que con reservas. De feito, en *¿Y ahora qué?*, unha novela histórica sobre catro ditaduras arxentinas: 1930, 1943, 1955 e 1966, pechada cun prólogo aos ingleses tras a morte de centenas de soldados arxentinos na Guerra das Malvinas, ofrece unha estampa dubidosa, grotesca incluso, de Perón e Evita. Moi arxentino, moi patriota, terminaría recuperando a nacionalidade española de orixe, despois de renunciar á arxentina o 30 de xullo de 1987. Galego ata o final, non quixo deixar nunca a encrucillada, e só sairá dela, nun futuro que desexamos, polas súas habilidades como periodista e escritor.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Primarias

Blanco Amor, José (1950): *Reportaje a Nueva York. Las Naciones Unidas*, Buenos Aires, Bell.

Blanco Amor, José (1951): «Carta» a Camilo José Cela, 6 de maio. Archivo Fundación C. J. Cela. Iria Flavia.

Blanco Amor, José (1952): «Carta» a Camilo José Cela, 6 de maio. Archivo Fundación C. J. Cela. Iria Flavia.

- Blanco Amor, José (1953): *La vida que nos dan*. Buenos Aires: López Negri.
- Blanco Amor, José (1956): *Todos los muros eran grises*. Buenos Aires: Santiago Rueda.
- Blanco Amor, José (1959): *Duelo por la tierra perdida*. Buenos Aires: Losada.
- Blanco Amor, José (1961): *Con verdad y con rigor*. Buenos Aires: Santiago Rueda.
- Blanco Amor, José (1963): «Lope de Vega, hombre existencial», *Cuadernos Hispanoamericanos* 161-162, Madrid, 163, 301-310.
- Blanco Amor, José (1964): «La novela», *Cuadernos Hispanoamericanos* 172, 5-18.
- Blanco Amor, José (1966a): En AA. VV., *La manos de Borges*. Buenos Aires: Colombo.
- Blanco Amor, José (1966b): *La misión. Novela*. Buenos Aires: Goncourt.
- Blanco Amor, José (1966c): *España y el Marxismo*. Buenos Aires: Theoría.
- Blanco Amor, José (1966d): *La Generación del 98*. Buenos Aires: Falbo.
- Blanco Amor, José (1967a): «15 preguntas al Doctor Leandro Pita Romero», *Galicia*, Revista del Centro Gallego de Buenos Aires, 554: 10-14.
- Blanco Amor, José (1967b): «Cartas del Director», *Galicia*, 556, julio-agosto: 1.
- Blanco Amor, José (1967c): «Cartas del Director», *Galicia*, 558, noviembre-diciembre: 9.
- Blanco Amor, José (1969): *Encuentros y desencuentros. Ensayos literarios*, Buenos Aires, Losada.
- Blanco Amor, José (1970): «La Pirámide», Madrid, s.n.
- Blanco Amor, José (1976): *El final del boom literario y otros temas*. Buenos Aires: Cervantes.
- Blanco Amor, José (1976): *Los virtuosos. Relatos*. Buenos Aires: Plus Ultra.

Blanco Amor, José (1978): «Galdós y su tiempo», *Arbor*, 23, Madrid, abril: 72 [511]-77 [517].

Blanco Amor, José (1978): «España y Europa», *Cuadernos Americanos*, CCXVIII, 3, mayo-junio, México.

Blanco Amor, José (1983a): *¿Y ahora qué?*, Buenos Aires, Galerna.

Blanco Amor, José (1983b): *Ensayos sin fronteras*, Buenos Aires, Celtia.

Blanco Amor, José (1986): *Exiliados de memoria*, Buenos Aires, Tres Tiempos.

Secundarias

Archivo do Reino de Galicia (1968): SG 04392. Información y Turismo. Actos Culturales, 1967-1968.

Bertrand de Muñoz, Maryse (1999): «El ansiado retorno en la novelística española de posguerra», *Hispania* 82.2, 190-201.

Cvitanovic, Dinko (1995): «A obra arxentina dos exiliados galegos». In J. L. Varela, *A literatura do exilio galego en América*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 11-28.

Cvitanovic, Dinko (1995): «A obra literaria de José Blanco Amor». In J. L. Varela, *A literatura do exilio galego en América*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 71.

Cvitanovic, Dinko (1997): *España e Italia en La Argentina: José Blanco Amor y Attilio Dabini*, Congreso Argentino de Hispanistas, 4º, 1995, Universidad Nacional Mar del Plata, 237-241.

García Paladini, Arturo (1950): «Prólogo» a José Blanco Amor, *Reportaje a Nueva York*: 9.

González- Millán, Xoan (2004): «Exilio, literatura e nación», *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2003*, 16-27.

Marra López, José R. (1964): *Narrativa española fuera de España (1939-1961)*. Madrid, Guadarrama, 1964.

Rexistro Civil de Bergondo (1909): Tomo 28, folio 108, A Coruña.

Soldevila, Ignacio (1980): *La novela española desde 1936*. Madrid: Alhambra.

Tudela, Mariano, «José Blanco Amor», *Faro de Vigo*, martes, 21 de marzo de 1989.

Tudela, Olivia [Olivia Rodríguez González] (2006): «José Blanco Amor, escritor gallego en la Argentina (1914-1989)». *La Coruña, revista de Historia y Turismo*, A Coruña.

Villán, Javier (coord.) (1990): Semana del autor sobre Gonzalo Torrente Ballester en el Centro Cultural del Instituto de Cooperación Iberoamericana de Buenos Aires del 12 al 15 de septiembre de 1988, *Cultura Hispánica*, Madrid, 1990.

Zelaya Kolker, Marielena (1985): «José Blanco Amor». In *Testimonios americanos de los escritores españoles transterrados de 1939*. Madrid: ICI, 147-161.